

CMUS Profesional de Santiago  
Rúa Monte dos Postes s/n 15703  
Santiago de Compostela

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

---

# Programación

## Fundamentos de Pedagogía

## 1. Introdución

---

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior Decreto de 27 de setembro.

A materia Pedagoxía non se recolle neste Real Decreto como materia de aspectos básicos aínda que sí a recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música específico para a comunidade autónoma de Galicia.

Segundo o Decreto, a materia de Pedagoxía forma parte dun dos itinerarios posibles para continuar os estudos de Grao Superior, tanto na opción de pedagoxía do instrumento coma na de pedagoxía da lingua e da educación musical. Este itinerario posibilitalle ao alumnado o acceso ao coñecemento dos principios que rexen o ensino musical e a súa forma de transmisión. Preténdese posibilitarlle uns criterios de actuación concretos, partindo do coñecemento e da comprensión dos recursos das principais escolas pedagóxicas.

## 2. Obxectivos xerais das ensinanzas

---

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habituarase a escutar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela más axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

#### 4. Secuenciación do curso

Curso: 6º de Grao Profesional da materia Fundamentos de Pedagogía

##### 4.1 Obxectivos

- Coñecer as escolas pedagógicas e os seus recursos pedagógicos no ensino da música.
- Comprender as fases do desenvolvemento evolutivo.
- Coñecer e comprender os principios da psicopedagogía xeral e a súa aplicación no ensino musical.
- Reconocer os elementos de proceso didáctico en xeral, e do modelo proposto pola LOE en particular.
- Deseñar, desenvolver e avaliar unidades didácticas dentro do marco das programacións de aula.
- Valorar as materias e os recursos didácticos propios do ensino da música en Galicia.

##### 4.2 Contidos

###### 1º trimestre

- Teoría do ensino e deseño curricular: concepto de currículo.
- Compoñentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, métodos de ensino, actividades, interacción na aula, aspectos organizativos e avaliación.
- As programacións de aula e as unidades didácticas.
- Programación didáctica e avaliación. Currículo nas ensinanzas musicais en Galicia.
- Interese no coñecemento do currículo dos estudos musicais en Galicia.
- Concienciación da necesidade dos deseños curriculares e das programacións didácticas.
- Motivación ante a realización de unidades didácticas.

###### 2º trimestre

- Escolas pedagógicas e os seus recursos aplicados ao ensino da música.
- Principios da educación musical.
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo á especialidade ou familia instrumental.
- Contidos, recursos didácticos e materiais para o ensino da música: instrumentos, libros de texto,etc.
- Técnicas de motivación e estudo.
- Obxectivos, contidos e orientacións metodolóxicas.

a súa utilización no ensino da música.

- Expor temas de música, facendo uso de recursos didácticos e materiais de novas tecnoloxías que axuden a desenvolver os contidos de cada tema. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento e o desenvolvemento dos recursos e dos materiais educativos tradicionais e actuais, así como as posibilidades que poden ofrecer na pedagoxía musical.
- Analizar e interpretar obras adecuadas de diversas épocas e estilos co seu instrumento principal, facendo referencia ás orientacións metodolóxicas propias dese instrumento. Trátase de constatar o grao de coñecemento e de madureza do alumnado, así como os seus recursos, para explicar os criterios estéticos correspondentes.
- Presentar e defender unha programación didáctica para un determinado nivel do seu instrumento principal. Preténdese comprobar se os elementos que forman unha programación didáctica están basicamente comprendidos.
- Impartir unha clase con referencia a un tema musical delimitado para un determinado nivel das ensinanzas profesionais de música. Con este criterio comprobarase o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto ao coñecemento do deseño curricular da LOE, a asimilación dos seus obxectivos e a capacidade de entendemento dos conceptos pedagógicos explicados, así como as súas posibilidades para estruturar unha unidade didáctica.

#### 4.3.2 Mínimos esixibles

- Demostrar o coñecemento dos principios pedagógicos do ensino musical.
- Impartir unha clase con referencia a un tema musical delimitado para un determinado nivel das ensinanzas profesionais de música.
- Presentar e defender unha programación didáctica para un determinado nivel do seu instrumento principal.

#### 4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento de avaliación consistirá na observación periódica a través de probas teórico-prácticas sobre os contidos que estamos a traballar e a recollida de traballos prácticos. Os traballos prácticos serán os seguintes:

- Elaboración dos aspectos básicos da programación: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación...
- Elaboración e exposición dunha unidade didáctica de linguaxe musical.
- Análise crítico de pezas musicais dende o punto de vista pedagógico.
- Elaboración de materiais didácticos.

## 5. Metodoloxía

Xa que a materia de pedagogía debe preparar aos nosos alumnos para afrontar os estudos superiores de pedagogía dos instrumentos ou de didáctica da linguaxe e da educación musical, será moi importante atender a esas tres vertentes: o ensino instrumental, o ensino da linguaxe musical e o ensino musical en ámbitos diferentes ao conservatorio.

Intentarase que os alumnos se impliquen activamente na materia e poidan levar á práctica o explicado en clase. Por iso, antes de explicar os aspectos básicos dos distintos métodos de ensino musical dende un punto de vista teórico, os alumnos veranse inmersos nunha clase práctica deseñada segundo os devanditos métodos. Así, potenciaremos a aprendizaxe por descubrimento.

Tamén se potenciará a elaboración de recursos e materiais didácticos polos propios alumnos e o desenvolvemento do seu espírito crítico, tan necesario á hora de seleccionar materiais e escoller métodos de ensino.

É importante promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe. Isto intentarase non só na aula, senón tamén en todo o ámbito do conservatorio, procurando que os alumnos acudan a concertos didácticos ou conferencias que poidan desenvolverse no centro.

A aprendizaxe debe propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a potenciación da motivación que sinte, de xeito natural, ante o fenómeno musical. Á vez, crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa coñecidos e garantir a construcción de aprendizaxes significativas e en espiral a través da necesidade de recordar os coñecementos adquiridos previamente. Por iso, faise necesario volver sobre os contidos impartidos que se relacionen co que se está estudiando no momento, así como sobre os coñecementos aprendidos noutras materias que apoien a adquisición de aprendizaxes en cada momento.

## 6. Atención á diversidade

Ao principio do curso, unha vez rematada a matriculación, o departamento revisará a matrícula para detectar posibles casos de alumnado que requira unha atención especial, nese caso realizarase a adaptación curricular correspondente có seguinte protocolo

1. Programa adaptado.
2. Material específico para uso do profesorado e do alumnado.
3. Acomodación de horarios e recursos materiais.
4. Contacto e colaboración con centros e organizacións especializadas (se procede).

CMUS Profesional de Santiago  
Rúa Monte dos Postes s/n 15703  
Santiago de Compostela  
Tfno. 981 519 845  
cmus.santiago@edu.xunta.es

**10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

---

Os acordados polo departamento correspondente.